



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia BINV-SX / 2023

Expediente 2023000005810

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023-ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ESTUDOS DE XÉNERO**

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a resolución do Presidente número 19356 , do 12 de maio de 2023, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas investigación 2023 - Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero.

No prazo concedido na devandita resolución non se presentaron alegacións nin emendas de erros.

As bases reguladoras das bolsas de investigación, publicadas no BOP número 44 do 6 de marzo de 2023, establecen que na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

O tribunal da área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, reasignou o proxecto de IRENE MERA GONZÁLEZ á área de ciencias da saúde.

### **RESOLVO:**

Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar na convocatoria de BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023- Área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, de acordo co seguinte:

### **PERSOAS ADMITIDAS**

AVENDAÑO CARBALLO, NICOLÁS

Título do proxecto: *“Estudo da evolución da empregabilidade no contexto universitario español (1970-2020)”*

BARREIRO MARIÑO, MANUEL

Título do proxecto: *“O enfoque interseccional nos museos de antropoloxía: o Museo do Pobo Galego como estudo de caso.”*

CAJADE PASCUAL, DANIEL

Título do proxecto: *“A costa coruñesa durante o Holoceno: subida do nivel do mar e adaptación aos cambios ambientais”*

DA SILVA CASTRO, CARLA

Título do proxecto: *“Impacto do Mixed Ability rugby na calidade de vida e na visión da discapacidade. un avance social a través da práctica deportiva inclusiva.”*

DEL RÍO FRANQUEIRA, DANIEL

Título do proxecto: *“Covid 19 e cambios na dinámica demográfica dos municipios da Coruña. Oasis no deserto demográfico ou simple espellismo”*

GONZALEZ RODRIGUEZ, ANDRES

Título do proxecto: *“Avaliación dos efectos distribucionais das políticas de ordenación do espazo marítimo en Galicia: un enfoque dende unha matriz de contabilidade social”*

REY VIZOSO, FRANCISCO JOSE

Título do proxecto: *“A percepción social da transición enerxética: O caso de As Pontes–Un modelo de aprendizaxe social.”*

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.